



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 25 DE MAIO DE 2023

Na Sala de Xuntas do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de maio de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidente: D.Álvaro Carou García

Vogais: D. Ángel Cardalda Mosquera
D. Ángel Francisco Vilas Fernández
D. José Luis Peso Teodosio
D. José Ramón Santorum Canto
D. Isidro Fernández Portas

Secretaria: Dna. Rosa Losada Suárez

Interventora: Dna. María Bermúdez Outón

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión ordinaria do día un de marzo de de dous mil vinte e tres e, unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO DOUS DE FEBREIRO AO VINTE E OITO DE ABRIL DO ANO 2023.

Pola Secretaria se indica que actualmente a Interventora da FPSDM é a Interventora do Concello, é decir, Maria Bermudez Outón.



Pola Sra. secretaria dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do período do seis de febreiro ao vinte e oito de abril do ano 2023, relativas a:

Mes de Febreiro :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 06/02/2023** -“1.- Autorización a celebración do Torneo Provincial de Xadrez que se levará a cabo os vindeiros 4, 5, 11 e 12 do presente mes, en horario de mañá e de tarde, facendo constar que ten autorizado o uso das instancias da Praza da Peixería pola Concellería de Cultura.
2.- Aprobación da cesión de 40 mesas, e que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.
3.- Trasladar ao departamento de obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a cesión das 200 cadeiras para a súa aprobación se procede.
4.- Faise constar que o ser unha competición oficial, os participantes na citada actividade xa contan con Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil ao tratarse dunha actividade federada e estar federados na Federación Galega de Xadrez.”
- **2ª Resolución con data 08/02/2023** -“1.- Autorización en precario a D. Manuel Crespo Sobral e/r dun grupo de afeccionados, a ampliación de uso do Pavillón Municipal de Guillán, autorizado o seu uso pola Resolución do Sr. presidente con data 21/09/2022, os martes de 20:00-22:00 horas para poder levar a cabo a práctica deportiva de bádminton, a partir do día da semana sinalado, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.
2.- Comunicarlle que previo ao uso da instalación, conforme a modificación realizada, deberá presentar a través da sede electrónica, unha relación nominal actualizada das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identidade (D.N.I.), indicando de ser o caso, as persoas que posúen Carné da Fundación de Deportes, a cal será comprobada polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.



3.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándosele automaticamente a súa autorización.”

- **3ª Resolución con data 10/02/2023** -“1.- Comunicarlle ao Club de Remo Vilaxoán, que para a celebración da XV BANDEIRA PORTO DE VILAGARCÍA DE BATEIS, o vindeiro día 18 de marzo do presente ano, deberá ter a autorización de Portos de Galicia do uso do Peirao de Vilaxoán, para poder levar a cabo a colocación do equipamento solicitado.

2.- Comunicarlle que previo á celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita proba.

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Departamento de Obras, a cesión e instalación de dous palcos toldados.

- . Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, a súa petición de comunicación da devandita proba.”

- **4ª Resolución con data 16/02/2023** -“1.- Autorización ao CLUB VILAROUA XIMNASIA o uso do Pavillón Municipal da Torre, para os adestramentos nas datas de Carnaval, os vinderios días 20, 21 e 22 do presente mes, de 10:00-13:30 horas.

2.- Comunicaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para actividades de calquera outra índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.



4.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”

- **5ª Resolución con data 17/02/2023** -“1.- Autorización ao CLUB VILAGARCIA TENIS DE MESA, o uso do Pavillón Nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do I TORNEO INTERNACIONAL TENIS DE MESA, o vindeiro día 3 de abril do presente ano, así como o día 2 e 4 para a montaxe e desmontaxe do evento, indicándolle que a montaxe do día 2 deberá realizarse unha vez finalizado o evento Memorial Miguel Angel González.

Deberán na maior brevidade posible, presentar o horario de competición de uso da devandita instalación deportiva.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración do citado evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

4.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).



4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

4.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,.....”

- **6ª Resolución con data 17/02/2023** -“1.- Autorización ao CLUB VILAGARCÍA, S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do VI TORNEO PAZO DA GOLPELLEIRA BENXAMÍN, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, de 09:00-22:00 horas. O que xenerará por tratarse dun día festivo, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.



4.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

4.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

4.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **7ª Resolución con data 20/02/2023** -"1.- Autorización ao CLUB AROSA S.C. o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para os adestramentos nas datas de Carnaval, os vinderios días 20, 21 e 22 do presente mes, de 10:00-13:00 horas.

2.- Comunícaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.



- 3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para actividades de calquera outra índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.
- 4.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.”
- **8ª Resolución con data 20/02/2023** -“1.- Aprobación da coorganización con Special Olympics Galicia, para a celebración dos 28º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, o vindeiro día 4 de marzo do presente ano, no Recinto Fexdega.
- 2.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representado a devandita Entidade Deportiva e a Fundación de Deportes, con un representante de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.
- 3.- Nomear como representantes do citado Comité, por parte da Fundación de Deportes a: D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes e, pola outra parte a Dna. Eunice Mosquera Arnosó, directora Técnica de Special Olympics Galicia, en representación da súa entidade.”
- **9ª Resolución con data 28/02/2023** -“1.- Autorización ao CLUB AROSA S.C o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez e do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do TORNEO PREBENXAMIN, que se levará a cabo os vindeiros días 9,10 e 11 de xuño do presente ano. Debendo na maior brevidade posible, presentar o horario de uso da devandita instalación deportiva, xa que o citado evento, podería xerar horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento.
- 2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.
- 3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal



de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

4.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

4.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:



- **1ª Resolución con data 03/02/2023** -“1.- Resolver de mutuo acordo o contrato da adquisición de tepe e execución dos traballos de implantación do mesmo para o terreo de xogo do Estadio Municipal A Lomba, á empresa TROQUIÑA, S.L. por importe de 6.654,13 €, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 13/12/2022.
2.- Adxudicar á empresa VIVEIROS O PIÑEIRO, S.L. a adquisición de 480 m² do tepe para a súa implantación no terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, dado que o terreo de xogo se atopa moi deteriorado para poder realizar actividade deportiva, a través dun contrato Menor de Subministrados, por importe de 3.312,00 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-210,00.
3.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE...”

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 02/06/2023** -“1.- Aprobación das 21 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes ofertadas no II Curso das Actividades Físico-Recreativas para Adultos(xaneiro, febreiro e marzo) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, curso 2022/23, correspondente ao período do 13 ao 27 do presente mes (listado de rexistros do nº 447 ao nº 467).
2.- Faise constar que por Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2022, adxudicóuselle á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as Actividades Físico Deportivas para Adultos, curso 2022/23, para un total de 450 participantes, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.195,72 €. (IVE incluído) con cargo á partida 342-224,00. Dado que o número de participantes nas actividades aumentou ata 467 inscricións, incrementouse para o seguro o número de inscritos en 17, polo que débese aboar a parte correspondente polos 17 participantes inscritos a maiores a empresa adxudicataria.”
- **2ª Resolución con data 02/02/2023** -“1.- Aprobación das 3 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes ofertadas no Proxecto das Escolas Deportivas Municipais, curso 2022/23, para todos



correspondente ao período do 24 de novembro ao 27 de xaneiro do presente ano (listado de rexistros do nº 18 e 20 para Escola de Multideportes e o nº 66 para Escola Deportiva de Base).

Así como, indicar que non se pode aprobar a solicitude correspondente ao número de rexistro 19 da Escola de Multideportiva, por atoparse fóra de idade establecida no Proxecto de actividades para Escola de Multideporte, polo que pode solicitar a devolución da cota de inscrición, do ingreso efectuado para as devanditas actividades, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica), facendo constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición.

2.- Faise constar que por Resolución do Sr. presidente con data 27/10/2022, adxudicóuselle á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as Escolas Deportivas Municipais, curso 2022/23, para un total de 75 participantes, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 406.47€. (IVE incluído) con cargo á partida 342-224,00. Dado que o número de participantes nas actividades aumentou ata 83 inscricións, incrementouse para o seguro o número de inscritos en 8, polo que débese aboar a parte correspondente polos 8 participantes inscritos a maiores a empresa adxudicataria.”

- **3ª Resolución con data 08/02/2023** -“1.- Aprobación das 17 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes ofertadas no II Curso das Actividades Físico-Recreativas para Adultos(xaneiro, febreiro e marzo) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, curso 2022/23, correspondente ao período do 27 de xaneiro ao 5 de febreiro do presente ano (listado de rexistros do nº 468 ao nº 484).

2.- Faise constar que por Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2022, adxudicóuselle á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as Actividades Físico Deportivas para Adultos, curso 2022/23, para un total de 450 participantes, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.195,72 €. (IVE incluído) con cargo á partida 342-224,00. Así como, que pola Resolución do Sr. presidente con data 02/02/2023, o número de participantes asegurados incrementouse



en 9 e, dado que, actualmente o número de inscritos/as de 17 persoas máis, débese aboar a parte correspondente polos 16 participantes inscritos a maiores a empresa adxudicataria.”

- **4º Resolución con data 17/02/2023** -“1.- Aprobación das 9 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes ofertadas no II Curso das Actividades Físico-Recreativas para Adultos (xaneiro, febreiro e marzo) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, curso 2022/23, correspondente ao período do 06 ao 17 do presente mes (listado de rexistros do nº 485, 486, 487, 488, 489, 490, 491, 492 e 493).

2.- Faise constar que por Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2022, adxudicóuselle á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as Actividades Físico Deportivas para Adultos, curso 2022/23, para un total de 450 participantes, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.195,72 €. (IVE incluído) con cargo á partida 342-224,00. Así como, que polas resolucións de Sr. presidente con datas do 02/02/2023 e do 08/02/2023 o número de participantes asegurados incrementouse en 34 e. dado que, actualmente o número de inscritos/as e de 9 persoas máis, débese aboar a parte correspondente polo 9 inscritos a maiores a empresa adxudicataria.”

- **5ª Resolución con data 20/02/2023** -“1.- Aprobación das 3 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes nas Escola Deportivas Municipais, curso 2022/23, período do 27 de xaneiro de 2023 ao 17 de febreiro do presente ano (números de rexistro 21 e 22 na Escola de Multideportiva e número 66 na Escola Deportiva de Base).

2.-Faise constar que por Resolución do Sr. presidente con data 27/10/2022, adxudicóuselle á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as Escolas Deportivas Municipais, curso 2022/23, para un total de 75 participantes, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 406.47€. (IVE incluído) con cargo á partida 342-224,00. Así como, que pola resolución de Sr. presidente con data do 02/02/2023 o número de participantes asegurados incrementouse en 8 e. dado que, actualmente o número de inscritos/as e de 3 persoas máis, deberáselle aboar a parte correspondente polo 3 inscritos/as a maiores a empresa adxudicataria.”



Mes de marzo :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 09/03/2023** -“1.- Autorización ao CLUB VILAGARCIA S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración do VI TORNEO PAZO DA GOLPELEIRA, o vindeiro 1 de maio do presente ano, anulando a autorización de uso do citado campo o 17 de maio do presente ano, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 17/02/2022.

Indicarlle que por tratarse dun día festivo, xenerará a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

4.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

4.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).



4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

4.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **2ª Resolución con data 20/03/2023** -"1.- Autorización á Agrupación Deportiva Cortegada o uso das pistas polideportivas do Recinto de Fexdega e dos pavillóns N°1 e 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa para o desenvolvemento do XVII TORNEO INTERNACIONAL MEMORIAL "MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, co seu equipamento deportivo, os vindeiros días 31 de marzo e 1 e 2 de abril do presente ano. Debendo na maior brevidade posible, presentar o horario de uso das devanditas instalacións deportivas, dado que, o uso das citadas instalacións poderá xerar a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 11,41 €/h., con cargo á partida 341-151/13001, por estar fora da franxa horaria da devandita instalación deportiva.
- 2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lles presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.
- 3.- Autorización dos espazos do Recinto Fexdega de: dous vestiarios, unha oficina para gardar o material preciso para a competición, unha sala médica e a zona da cafetería. Comunicándolle que para a levar a cabo o devandito Torneo nas dependencias do citado Recinto, o organizador do evento deberá contar coa seguinte documentación:

“1) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.

2) Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse algún elemento de seguridade existente na instalación, explicitarase no plan de autoprotección. Os planos de evacuación existentes deberán ser actualizados segundo o recollido no devandito plan de protección.

3) Deberá presentarse a documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. No caso de voluntariado aportarase documentación que acredite tal circunstancia. Tanto no caso de traballadores como de voluntarios poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación así como da obriga de portar identificación. No caso de voluntarios acreditarase tal condición, mediante declaración xurada.

4) Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presenza de persoal de Fexdega.

5) Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. Os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6) Presentación da certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá



presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

7) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

8) Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc en relación ó tema.

9) Aportarase un plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento.

10) A responsabilidade do acontecido nas instalación a disposición do evento sera do organizador/promotor do mesmo, polo que o evento deberá quedar cuberto por unha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha cuantía mínima de 300.000€.

11) Deberá responsabilizarse da limpeza do espazo que ocupe/use e que unha vez rematado o evento deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo.

12) Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.

13) E requisito imprescindible para o inicio dos traballos de montaxe a presentación da documentación requirida, excepto a relativa a certificación de montaxe e/ou instalación”

4.- Ceder o material que a continuación se relaciona para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado:

- . 10 mesas.
- . Papeleiras nas pistas e bancadas, así como colectores de lixo.
- . 4 mopas para limpeza das pistas.
- . Marcadores electrónicos en cada pista.

. Toma de corrente nas mesas de cada pista.

No relativo á utilización da furgoneta da Fundación de Deportes, pódese autorizar a realización do traslado de material necesario para o desenvolvemento do Torneo ao Recinto Fexdega e, sempre conducido por un traballador do Concello. Debendo na maior brevidade posible indicar día/s e hora, sempre na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, cesión de 400 cadeiras, 100 valadas e mesas e bancos necesarios para 50 persoas (zona de cafetería).
- Departamento de Alumeado, a colocación dunha pancarta publicitaria do devandito Memorial na fachada do Recinto Fexdega.
- Servizo do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, cunha ambulancia e unha brigada de primeiros auxilios.
- Area de Comunicación, a súa petición da elaboración da cartelería do devandito evento.

Comunicarlle que no relativo a cesión das 4 carpas, desestimase a súa solicitude, dado que as carpas non son innífugas, e segundo plan de autoprotección da instalación non se poden instalar no interior do citado Recinto.

6.- Aprobar a realización da limpeza extraordinaria de vestiarios, aseos públicos e hall do Recinto Fexdega, os días 31 de marzo e 1 e 2 de abril do presente ano, solicitando presuposto á empresa Clece, S.L., por importe de 116,04 €. I.V.E. incluído (segundo orzamento). Así como comunícaselle que o resto da Limpeza de todas as dependencias autorizadas deberá facerse cargo a organización do citado Torneo, debendo deixar as mesmas nas condicións en que se lles presta para o seu uso o luns día 3 de abril do presente ano.

7.- Conceder 20 trofeos para para os diferentes gañadores das categorías disputadas:

- 2 trofeos para o 1º/1ª clasificados solicitando presuposto a empresa BARRAL NÚÑEZ, MAR por importe de 100,00 € (IVE incluído)



- 2 trofeos campión/a de triples, 4 trofeos gañadores/as Two Ball, 5 trofeos millor quinteto masculino, 5 trofeos millor quinteto feminino, 1 trofeo MVP feminino e 1 trofeo MVP masculino, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS, S.L. por importe de 206,80 € (IVE incluído).

Comunicarlle que no relativo a concesión de agasallos e as medallas, éstos deberán ser adquiridos polo organizador do evento.

8.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

9.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Así como a elaboración e implantación dun Plan de Autoprotección do evento (Recinto Fexdega), certificación do cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, a documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as obrigas, tal como se solicita a os organizadores dos diferentes eventos en Fexdega.

10.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **3ª Resolución con data 20/03/2023** -"1.- Comunicarlle que o Club SAN MARTIN CLUB DE FÚTBOL, xa ten autorizado o uso de diversos Campos de Fútbol Municipais, os vindeiros días 7,8 e 9 de abril do presente ano conforme a Resolución do Sr. Presidente con data 21/01/2023.
2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.
3.- Aprobar a cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello (8 fly banners e dous arcos hinchables), así como a reparación das tapas dos aspersores do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación e reparación, dentro das dispoñibilidades



existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Servizo de Obras, a cesión de carpas, mesas e cadeiras, para a habilitación dunha zona de descanso, así como dúas carpas e catro cadeiras para a zona de recepción dos xogadores.

- . Servizo do Auditorio, a cesión dous equipos de son para cada un dos campos autorizados.

- . Servizo de alumeadado, a colocación e un punto de corrente na taquilla do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Conceder 6 trofeos para a entrega de premios: 4 para os primeiros clasificados das diferentes categorías e 2 para o máximo goleador e millor xogador, solicitando presuposto a empresa BARRAL NÚÑEZ, MAR por importe de 265,00 € (IVE incluído)

7.- Debido ao desenvolvemento do evento en datas festivas e fin de semana, e dada a frecuencia de limpeza contratada no Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, e necesaria unha limpeza extraordinaria dos vestiarios e bancadas do Campo de Fútbol Manuel Jiménez, polo que se lle solicitou presuposto á empresa Clece, S.A., por importe de 291,71 €. I.V.E. incluído (segundo orzamento).

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

- 8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

- 8.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.



8.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

9.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **4ª Resolución con data 22/03/2023** -"1.- Autorización ao CLUB DEPORTIVO BAMIO, o uso do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, para a celebración do do TORNEO INFANTIL C.D. BAMIO, o vindeiro día 7 de abril do presente ano. O que xenerará por tratarse dun día festivo, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación e



reparación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Servizo de Obras, a cesión de 6 carpas cos seus laterais, 8 mesas e 20 cadeiras.

. Área de Comunicación, a impresión dos 130 diplomas para os participantes no devandito Torneo.

Indicarlles que no relativo a cesión dos totems hincables da Fundación de Deportes e do equipo de son, non e posible acceder a súa solicitude, dado que debido a cantidade de eventos que se celebran nestas datas non e posible cubrir todas as necesidades dos mesmos, polo que terán que ser adquiridos pola organización do evento.

5.- Conceder 7 trofeos: 4 para os primeiros clasificados, 1 para a deportividade, 1 para o máximo goleador e 1 para o millor xogador, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe total de 112,90 €.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

7.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación)



e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **5ª Resolución con data 23/03/2023** -"1.- Autorización ao Club Baloncesto Vilagarcía o uso do Pavillón Municipal de Castelao, Pavillón Municipal de Guillán, Pavillóns nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e as 4 pistas polideportivas existentes do Recinto de Fexdega coas medidas regulamentarias para baloncesto, para a celebración da XXVI VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO, 23, os vindeiros días 6, 7 e 8 de abril do presente ano, debendo presentar na maior brevidade posible, o horario necesario de apertura e pecha das instalacións autorizadas. O que xenerará por tratarse de días festivos, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 341-151/13001.

Indicarlles que no relativo ao uso do Pavillón Nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, só poderán facer uso do mesmo os días 6 e 7 de abril do presente ano ata as 21:30 horas e o día 8 d abril de 10:30-17:00 horas, dado que o día 8 hai un partido da Liga Feminina 2 da Agrupación Deportiva Cortegada, marcado no calendario oficial de competicións.



Así como, autorízasele levar a cabo o montaxe dende o vindeiro día 3 de abril do presente ano na franxa horaria de apertura da citada instalación, indicándolles que os días 3 e 4 de abril a actividade nas pistas será a habitual e o día 5 suspenderanse os adestramentos no Recinto Fexdega para poder finalizar a montaxe.

2.- Comunicarlle que deberá deixar todas instalacións autorizadas, nas mesmas condicións en que se lle prestan e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas mesmas polos participantes na devandita actividade.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de reserva de aparcadoiros de espazos públicos, para a organización do Torneo e autobuses dos equipos participantes, nas proximidades das instalacións autorizadas, conforme ao informe emitido da Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

4.- Autorización dos espacios do Recinto Fexdega: uso dos vestiarios, dunha oficina para gardar o material, do espazo da cafetería e marcaxe no chan de dúas pistas de baloncesto a maiores das existentes no devandito Recinto. Comunicándolle que para a levar a cabo o devandito Torneo nas dependencias do citado Recinto, o organizador do evento deberá contar coa seguinte documentación:

“1) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter o cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento do evento, durante todo o período que abrangue o mesmo, e dicir dende a entrada o recinto ata a saída definitiva.

2) Presentación do plan de autoprotección do evento, firmado por técnico competente e inscrito no REGAPE, onde se dispoñan as actuacións ante as diferentes emerxencias que poden darse durante o evento. Coidarase especialmente a non modificación/supresión dos elementos existentes na instalación. No caso de modificarse/suprimirse algún elemento de seguridade existente na instalación, explicitarase no plan de autoprotección. Os planos de evacuación existentes deberán ser actualizados segundo o recollido no devandito plan de protección.

3) Deberá presentarse a documentación que acredite de forma fehaciente a contratación dos traballadores implicados no proceso de montaxe/desmontaxe e/ou no desenvolvemento da actividade. No caso de voluntariado aportarase documentación que acredite tal circunstancia. Tanto no caso de traballadores como de voluntarios poráselles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen



de aplicación así como da obriga de portar identificación. No caso de voluntarios acreditarase tal condición, mediante declaración xurada.

4) Presentación de certificación/s emitida/s por técnico competente, e visada/s polo colexio profesional correspondente de que a montaxe das estruturas necesarias, para o desenvolvemento do evento, está executada de acordo coa lexislación de aplicación garantindo desde xeito a solidez estrutural, estabilidade, idoneidade e demais circunstancias necesarias para a seguridade das persoas e das instalacións. A visita de verificación deberá ser acordada coa suficiente antelación, para que poida contar, si se considerase oportuno, coa presenza de persoal de Fexdega.

5) Si dentro das estruturas, existen instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc. Os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6) Presentación da certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

7) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

8) Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc en relación ó tema.

9) Aportarase un plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento.

10) A responsabilidade do acontecido nas instalación a disposición do evento sera do organizador/promotor do mesmo, polo que o evento deberá quedar cuberto por unha póliza de seguro de responsabilidade civil por unha cuantía mínima de 300.000€.



11) Deberá responsabilizarse da limpeza do espazo que ocupe/use e que unha vez rematado o evento deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores o inicio do mesmo.

12) Deberá obedecelo disposto na Orde da Consellería de Xustiza relativa os horarios de apertura e peche. Así mesmo, tamén adaptará as emisións sonoras os límites establecidos na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións.

13) E requisito imprescindible para o inicio dos traballos de montaxe a presentación da documentación requirida, excepto a relativa a certificación de montaxe e/ou instalación”

5.- Autorización do uso do local destinado a bar do Pavillón nº1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmona, o día 8 de abril de 10:30-16:00 horas, con estricto cumprimento das seguintes condicións:

1. Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc... en relación ao tema.

2. Cumprimento da lexislación en relación a seguridade alimentaria, debendo presentar a seguinte documentación:

a) Certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da citada lexislación, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

b) Certificado de Manipulación de Alimentos, no caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

3.- No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas,



neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6.- Ceder o material, así como a realización dos traballos que a continuación se relacionan, para o desenvolvemento do devandito Torneo e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo:

- . 4 xogos de canastras categoría absoluta, 4 canastras adaptables a minibasket e 3 xogos de minibasket do Recinto Fexdega, 1 xogo de canastras minibasket do pavillón N° 1 do Complexo Municipal Fontecarmoa e 1 xogo de canastras do Pavillón Municipal Carril, ademais das existentes en cada unha das instalacións a utilizar.
- . 3 marcadores portátiles e 1 marcador de parede da propia instalación (Recinto Fexdega).
- . Repaso da marcaxe dos 4 campos de baloncesto, categoría absoluta do Recinto Fexdega.

Indicarlles que no relativo a marcaxe no chan do Recinto Fexdega de dúas pistas de baloncesto a maiores das existentes no citado Recinto, non é posible acceder a súa solicitude, dado que debido a cantidade de eventos que se celebran nestas datas non é posible cubrir todas as necesidades dos mesmos, polo que, a organización do evento farase cargo da marcaxe das mesmas e retirada das cintas una vez rematado o evento.

7.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión de Cesión de 500 cadeiras, 100 valadas, o montaxe de dous Palcos (escenario) de 60 m² (10x6) de 1,30 m de alto e outro de 30 m² (10x3), mesas e bancos para comer 200 persoas e, a cesión de mastros para a colocación das bandeiras oficiais.
- Departamento de Alumeado, a colocación dunha lona xigante co logo de Vilagarcía Basket Cup no exterior do Recinto Fexdega, así como das pancartas do interior.
- Departamento do Auditorio, un equipo de son.



- Departamento da Policía Local, informe de reserva de zona de aparcadoiros en espacios públicos, nas tres instalacións para a organización e os autobuses dos equipos participantes.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil (ambulancia e unha brigada de primeiros auxilios).
- Área de Comunicación, a impresión dos calendarios do Torneo, así como a confección e impresión dos carteis publicitarios do devandito Torneo.
- Departamento de Protocolo, a cesión de bandeiras oficiais.
- Concellería de Turismo, colaboración coa disposición do tren turístico unhas determinadas horas, así como con espazos publicitarios nas pantallas de video do Concello para a promoción do Torneo.
- Concellería de Promoción Económica, colaboración coa cesión de 3 casetas de madeira.
- Encargado do Recinto Fexdega, a dotación dos vestiarios co auga quente suficiente para as duchas dos participantes.

Indicarlles que no relativo a cesión dunha pantalla LED de 10 m², non e posible acceder a súa solicitude, dado que o Concello non dispón da mesma, así como, non se pode proporcionar conexión de banda ancha, xa que o Recinto Fexdega non dispón dela, polo que terán que ser adquiridas pola organización do evento.

8.- Aprobar a realización da limpeza extraordinaria de vestiarios, aseos públicos e hall do Recinto Fexdega, os días 6, 7 e 8 de abril do presente ano, solicitando presuposto á empresa Clece, S.A., por importe de 182,31 €. I.V.E. incluído (segundo orzamento). Así como comunícaselle que o resto da Limpeza de todas as dependencias autorizadas deberá facerse cargo a organización do citado Torneo, debendo deixar as mesmas nas condicións en que se lles presta para o seu uso o luns día 10 de abril do presente ano.

9.- Conceder 12 trofeos para os primeiros clasificados nas diferentes categorías e 2 trofeos para o campión e subcampión de triples, solicitando presupostos ás empresas BARRAL NÚÑEZ, MAR e DEPORTES RODAS, S.L. por importe total de 625,40 €.

Comunicarlle que no relativo a concesión de 10 recordos para os clubs participantes (infantil, cadete e junior), éstos deberán ser adquiridos polo organizador do evento.



10.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

11.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Así como a elaboración e implantación dun Plan de Autoprotección do evento (Recinto Fexdega), certificación do cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria, o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, a documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as obrigas, tal como se solicita a os organizadores dos diferentes eventos en Fexdega.

12.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **6ª Resolución con data 29/03/2023** -"1.- Faise constar que o CLUB AROSA S.C., xa ten autorizado o uso do Campo de Fútbol Manuel Jiménez e do Campo de Herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, os vindeiros días 6 e 7 de abril do presente ano conforme a Resolución do Sr. presidente con data 27/01/2023. O que xenerará por tratarse de días festivos, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 17,11 €/h., con cargo á partida 341-151/13001.

Indicarlle que no relativo á cancelación dos adestramentos o día 4 e 5 de abril para a montaxe do evento, só se poderán cancelar os adestramentos do día 5, tendo que o día 4 realizar a montaxe durante os adestramentos que están programados na instalación, sen interferir nos mesmos.

2.- Autorizar ao citado club, a apertura da instalación en horario de 7:30-23:00 horas. Comunicándolle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade. Debendo deixar recollida a instalación ao finalizar o evento o venres, dado que o día seguinte hai un evento doutro Club/Entidade Deportiva.



3.- Indicarlle que, no relativo a autorización de uso dos vestiarios, poderánse autorizar os 4 vestiarios dos Campos de Fútbol da citada instalación, así como as casetas-vestiarios que existen na parte baixa da mesma. Dado que, os devanditos días se leva a cabo outro evento na instalación, non é posible autorizar o uso dos vestiarios da parte baixa do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmona.

4.- Autorizar ao citado club o uso dos aseos públicos dos que dispoñen os Campos autorizados, así como a instalación WCs químicos durante o desenvolvemento do evento, tendo que facerse cargo do aluguer dos mesmos a entidade organizadora.

5.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de reserva de aparcadoiros de espazos públicos nas inmediacións da instalación autorizada, así como o peche da Rúa Camilo José Cela dende a entrada ao I.E.S. Fermín Bouza Brey, para a organización do Torneo e autobuses dos equipos participantes, conforme ao informe emitido da Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

6.- Autorizar a instalación duha carpa entre os dous campos, para o uso da mesma como bar-cantina durante o desenvolvemento do evento, con estricto cumprimento das seguintes condicións:

1. Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc... en relación ao tema.

2. Cumprimento da lexislación en relación a seguridade alimentaria, debendo presentar a seguinte documentación:

a) Certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da citada lexislación, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

b) Certificado de Manipulación de Alimentos, no caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.



3.- No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.- Aprobar a cesión de dúas alargadeiras, a ubicación de 6 banquetes e dúas porterías de fútbol 8 e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

Indicarlles que no relativo impresión de lonas para cubrir o valado perimetral dos campos, no é posible acceder a súa solicitude por falta de tempo e orzamento, así como non é posible a cesión de 3 marcadores, dado que a Fundación de Deportes so dispón dos marcadores que ten a propia instalación. Polo que, a organización do evento faráse cargo da adquisición do citado material.

8.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Servizo de Obras, a cesión de 7 carpas, 4 bancos, 6 mesas, 15 cadeiras, 100 valadas e 8 mesas de palco para o photocall, así como mesas con bancos e carpas para a zona do bar-cantina.

- . Servizo do Auditorio, a cesión dun equipo de son.

- . Servizo de alumeados, a colocación e un punto de corrente no medio do Campo de Fútbol Manuel Jiménez e na baixada das escaleiras de acceso ao Estadio.

Indicarlles que no relativo a cesión do equipo de son, queda a espensas da dispoñibilidade do mesmo, dado que foron solicitados con anterioridade para diversos eventos que se van a levar a cabo nas mesmas datas. Polo que, no caso de non dispor do devandito equipo, o organizador do evento faráse cargo da adquisición do mesmo.

9.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.



10.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

10.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

10.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

10.3) No caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento da devandita actividade Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

10.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

11.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueriras, tubos, cables, etc...).



b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.”

- **7ª Resolución con data 29/03/2023** -“1.- Comunicarlle que o Club SAN MARTIN CLUB DE FÚTBOL, xa ten autorizado o uso de diversos Campos de Fútbol Municipais, así como a loxística para a celebración do II TORNEO RAMIRO CARREGAL SOCCER CUP, os vindeiros días 7,8 e 9 de abril do presente ano conforme ás Resolucións do Sr. presidente con data 21/01/2023 e 20/03/2023.
2.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de reserva de aparcadoiros de espazos públicos nas inmediacións das instalacións autorizadas, a colocación de banderolas publicitarias nas rúas: Rúa Rey Daviña, Rúa Valle Inclán, Avda. Rodrigo de Mendoza, Rúa Ameixeiras, Avda. de Cambados, Avda de Pontevedra, Avda. Rosalía de Castro, Avda. de Rubians e Avda de Cornazo, así como o peche da Rúa Camilo José Cela dende a entrada ao I.E.S. Fermín Bouza Brey, para a organización do Torneo e autobuses dos equipos participantes, conforme ao informe emitido da Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.
3.- Aprobar a reubicación de 4 banquillos no Campo de Fútbol Manuel Jiménez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.
4.- Recordarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:
4.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.



4.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

4.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

4.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

4.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 01/03/2023** -“1.- Aprobación da realización da loxística e o gasto de coorganización con SPECIAL OLIMPICS GALICIA, para a celebración dos 28º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, que se vai levar a cabo no Recinto Fexdega, o vindeiro día 4 do presente mes, por importe total de 1.356,11 € e, na que a Fundación de Deportes farase cargo do seguinte:
 - Adquisición de medallas
 - Servicio de Ambulancia medicalizada



- Servizo de limpeza extraordinaria dos aseos da instalación no desenvolvemento
- Material deportivo da Fundación de Deportes.
- Recollida e devolución das mesas de Tenis de Mesa cedidas polo Club Deportivo Vilagarcía Tenis de Mesa.

2.- Adxudicar ás empresas que a continuación se relacionan, a realización do subministro e servizos para a celebración do devandito evento, por importe total de 1.356,11 € (I.V.E. incluído):

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquis. medallas	396,10	.- 342-226,9901
D. PABLO BARREIRO DARRIBA (AMBULANCIAS ULLA)	Servizo ambulancia medicalizada	... 750,00	.- 342-226,09
CLECE, S.A.	Limpeza ext. Aseos inst.	<u>210,01</u>	.- 342-227,00
	Total	1.356,11	€

3.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE...”

- **2ª Resolución con data 01/03/2023** -“1.- Adxudicación á empresa SOBRINO G, S.A., a adquisición por reposición do vestiario para o persoal adscrito á Fundación de Deportes (Departamentos de Mantemento e Actividades Deportivas), a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 1.611,57 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-221,04.”
- **3ª Resolución con data 02/03/2023** -“1.- Adxudicación á empresa SEPYMEDICAL, S.L. a adquisición de 7 parches de electrodos para os desfibriladores das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, dado que cumpriran a data de caducidade, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 727,57 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-213,00.”
- **4ª Resolución con data 22/03/2023** -“1.- Aprobación do orzamento de gastos para a organización da XII TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA, CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO ano 2023, por importe total de 24.809,30 € e, co seguinte desglose:

CONCEPTO

MPORTE

PARTIDA



deporte
para todos



Control e dirección de carreira	13.049,30 .-	342-226,09
Camisetas agasallo aos participantes	1.800,00 .-	342-226,09
Taxas Portos de Galicia	60,00 .-	342-226,09
Avituallamentos	800,00 .-	342-226,09
Servicios Federación Galega de Tríatlon	1.800,00 .-	342-226,09
Aluguer de 350 valadas	2.300,00 .-	342-226,09
Seguro accidentes para os voluntarios	300,00 .-	342-224,00
Servicio de ambulancia	1.500,00 .-	342-226,09
Médico	800,00 .-	342-226,09
Trofeos	600,00 .-	342-226,9901
Imprevistos	600,00 .-	342-226,09
Premios en metálico	<u>1.200,00 .-</u>	342-481,00
Total	24.809,30 €	

2.- Aprobar a Provisión de Fondos e o seu recoñecemento de obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes, para o pagamento do gasto dos Premios en Metálico, por importe total de 1.200,00 €, con cargo á partida 342-481,00.

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición para os Equipos Senior, tanto da proba Open como o Campionato Galego Absoluto, conforme ao regulamento que establece a citada cota por importe de 60,00 €/equipo e, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor, que establece no seu artigo 13: “**FIXACIÓN DO PREZO**”, que corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.”

- **5ª Resolución con data 30/03/2023** -“1.- Adxudicación ás empresas que a continuación se relacionan, os servizos e subministros para a celebración da XVII TORNEO TORNEO INTERNACIONAL MEMORIAL “MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ”, os vindeiros días 31 de marzo e 1 e 2 de abril do presente ano polos seguintes conceptos, a través dun Contrato Menor de Servizos e Subministros, por importe total de 422,84 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
BARRAL NÚÑEZ, Mª DEL MAR	Adquis. trofeos finalistas	100,00 €	342-226,9901
DEPORTES RODAS	Adquis. Trofeos	206,80 €	342-226,9901
VILAGARCÍA, S.L.	participantes		



CLECE, S.A.	Limpeza extraordinaria		
	Recinto Fexdega	116,04 €	342-227,00
	TOTAL	442,84 €"	

- **6ª Resolución con data 30/03/2023** -"1.- Adjudicación ás empresas que a continuación se relacionan, os servizos e subministros para a celebración da XXVI VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO 23, os vindeiros días 6, 7 e 8 de abril do presente ano polos seguintes conceptos, a través dun Contrato Menor de Servizos e Subministros, por importe total de 807,71 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
BARRAL NÚÑEZ, Mª DEL MAR	Adquis. trofeos finalistas	600,00 €	342-226,9901
DEPORTES RODAS	Adquis. Trofeos	25,40 €	342-226,9901
VILAGARCÍA, S.L.	Recordatorios		
CLECE, S.A.	Limpeza extraordinaria		
	Recinto Fexdega	182,31 €	342-227,00
	TOTAL	807,71 €"	

- **7ª Resolución con data 30/03/2023** -"1.- Adjudicación ás empresas que a continuación se relacionan, os servizos e subministros para a celebración do II TORNEO RAMIRO CARREGAL SOCCER CUP, os vindeiros días 7, 8 e 9 de abril do presente ano polos seguintes conceptos, a través dun Contrato Menor de Servizos e Subministros, por importe total de 556,71 €:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
BARRAL NÚÑEZ, Mª DEL MAR	Adquis. trofeos finalistas	265,00 €	342-226,9901
CLECE, S.A.	Limpeza extraordinaria		
	C.F.Manuel Jiménez	291,71 €	342-227,00
	TOTAL	556,71 €"	

- **8ª Resolución con data 30/03/2023** -"1.- Adjudicación á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición dos trofeos para os participantes no I TORNEO DE FÚTBOL INFANTIL C.D. BAMIO, a través dun contrato menor de subministros, por importe total de 112,90 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-226,9901."

C.- Reconecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 28/03/2023** .-"1.- Aprobación do reconecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de xaneiro, da Fundación Pública de



Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 1.269,27 €.”

- **2ª Resolución con data 28/03/2023** -“1.- Aprobación da relación e facturas con acordo previo, mes de xaneiro, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 6.578,13 €:
 - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALINAS, SAMUEL, pola factura nº 45579651, da Póliza de Seguros no 61103818, correspondente a contratación do seguro de RESPONSABILIDADE CIVIL da Fundación de Deportes, período do 01/01/23 ao 31/12/23, por importe de 3.931,05 , con cargo á partida 342-224,00.
 - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALINAS, SAMUEL, pola factura nº 45583078 da Póliza de Seguros no 31074097, correspondente a contratación do seguro de PYME da pequena e mediana empresa (edificios destinados a deportes), período do 01/01/23 ao 01/01/24, por importe de 2.275,18 , con cargo á partida 342-224,00.
 - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALINAS, SAMUEL, pola factura no 45599381 da Póliza de Seguros no 11320412, correspondente a contratación da Póliza de seguros Multirriesgos de Camións para a plataforma elevadora con remolque da Fundación de Deportes, para o período do 01/01/23 ao 31/12/23, por importe de 121,90 , con cargo á partida 342-224,00.
 - 4.- Factura nº 2022 1 do CLUB VILAROUZA XIMNASIA, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Ximnasia Rítmica, 1 grupo, meses de decembro, ano 2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 13/12/2022, por importe total de 250,00€, con cargo á partida 342-227,9901.”
- **3ª Resolución con data 28/03/2023** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, mes de xaneiro , por importe total de 9.376,27 €, con cargo ás partidas 342-221,00.”

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 10/03/2023** -“1.- Aprobación da Folla de Inscripción do 3º Curso das Actividades Físico Deportivas para Adultos (nados en 2006 e anteriores),



correspondente aos meses de abril, maio e xuño de 2023, conforme ao “PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS PARA ADULTOS, CURSO 2022/23, cun prazo de inscrición do 13/03/2023 ao 03/04/2023 co desglose anteriormente sinalado.

2.- Aprobar conforme ao devandito proxecto que o número de inscricións para poder levar a cabo o desenvolvemento das actividades, sexa como mínimo de 10 persoas inscritas e ata un máximo de 25 inscricións por grupo e, cada persoa poderá realizar un máximo de dúas actividades.”

Mes de abril :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 13/04/2023** -“1.-Traslado aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede, para a celebración do V CONCURSO SOCIAL DE DOMA CLÁSICA, o vindeiro día 16 de abril do presente ano:
 - . Departamento de Obras, a cesión de 2 carpa.
 - . Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.
 - . Servizo de emerxencias, o servizo dun camión con auga para o rego da pista.
- 2.- Conceder 54 trofeos: 4 para os tres primeiros clasificados de cada categoría, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe total de 527.20,90 €.”
- **2ª Resolución con data 17/04/2023** -“1.- Remisión da solicitude do Club Ciclista Xiabre de autorización do percorrido (folia adxunta) da XXVI MARCHA CICLOTURISTA AROUSÁ á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.
 - 2.- Dado que parte do percorrido desenvólvese por vías que non son propiedade Municipal, comunícaselle que deberá presentar as correspondentes autorizacións da Xefatura Provincial de Tráfico e Xunta de Galicia, previa á aprobación pola Xunta de Goberno Local, así como previa á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de



Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

3.- Autorizar ao citado Club, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para que os participantes poidan cambiarse antes do inicio e ducharse ao finalizar a devandita Marcha Ciclista, dende as 08:30 horas (cambiarse antes da proba) e, a partir das 13:40 horas (despois da proba). O cal xenerará a realización dunha hora extraordinaria dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 17,11 €/h., con cargo á partida 342-1510001/13001.

4.- Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Aprobar a cesión de 15 mesas e do arco hinchable para a celebración do devandito evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo. Supeditada en todo caso, á obtención de autorización do uso do Recinto do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro (patio), que deberá o propio Club/Entidade Deportiva solicita-lo á dirección do devandito Centro, para a súa aprobación se procede.

7.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Departamento de Obras, a cesión e instalación dun palco e 6 carpas, sempre e tanto, teña autorizado o uso do recinto do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro (patio) pola dirección do devandito Centro.

- . Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a colaboración dos Departamento da Policía Local e Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, para a súa colaboración de acordo ao seu escrito.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."



- **3ª Resolución con data 19/04/2023** -“1.- Autorización ao Club San Martín o uso en precario do Campo Municipal de Vilaxoán, para a celebración da Escola de Verán, do 26 de xuño ao 25 de agosto do presente ano, de 9:00-14:00 horas. Así como, autorizar o uso do Pavillón Municipal de Faxilde en caso de choiva para levar a cabo a devandita escola.
2.- Comunicaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.
Indicándolles que deberán comunicar con 24 horas de antelación os días que non van facer uso das instalacións, así como os días que se van a desenvolver actividades alternativas nas mesmas (crossfit, baloncesto,...).
3.- Trasladar ao departamento de obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a cesión de 6 carpas e 6 mesas con bancos para o descanso e avituallamento dos participantes, para a súa aprobación se procede.
4.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016 e Resolución do Sr. presidente con data 23/06/2017, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:
 - a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.
 - b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondéndolle a esta actividade un total de 9 becas (de 90 prazas ofertadas), para a inscrición de nove alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.
- 5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.
- 6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:



6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

6.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

6.3) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6.4) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **4ª Resolución con data 24/04/2023** -"1.- Aprobación ao CLUB VILAGARCÍA, S.D., para a celebración do VI TORNEO PAZO DA GOLPELEIRA BENXAMÍN, o vindeiro día 1 de maio do presente ano, a apertura do Campo de Fútbol Municipal de Berdón ás 7:30 horas.
2.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de circulación de dirección única de subida e baixada do citado Campo de Fútbol, conforme ao informe solicitado á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.



3.- Trasladar ao departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa as necesidades de colaboración, da cesión de 100 valadas, 6 carpas e 6 mesas grandes, para a súa aprobación, se procede.

4.- Lémbrales que ten pendente de presentación se seguinte documentación requirida na Resolución do Sr. presidente con data 19/04/2022.

4.1) A póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento ou certificación da Federación Galega de Fútbol conforme o evento deportivo é oficial e esta cuberto polo seguro das licenzas federativas.

4.2) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.- Conceder ao devandito club 3 trofeos para a entrega de premios aos participantes no citado evento, presentado presuposto da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe de 41,55 € (IVE incluído). Así como adxudicar a citada empresa, a través dun Contrato Menor de Subministrados, a adquisición dos citados trofeos, por importe de 41,55 € (IVE incluído) con cargo á partida 342-226,9901.”

- **5ª Resolución con data 25/04/2023** -“1.- Remisión á Xunta de Goberno Local, a solicitude dos OS INGLESES RUGBY CLUB de reserva de aparcadoiros de espazos públicos, para a organización do Torneo e autobuses dos equipos participantes, nas proximidades da instalación autorizada, conforme ao informe emitido da Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Concellería de Cultura, a solicitude de autorización de uso de Centro Social Cultutal de Fontecarmoa e da Praza da Peixería.

. Concellería de Promoción Económica, a solicitude de autorización de uso do espazo de restauración da Praza de Abastos.

. Protección Civil: solicitude de colaboración da ambulancia.

. Concelería de Turismo, a solicitude de visita guiada o domingo 21 pola mañá.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

3.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

3.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

3.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

3.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

3.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.



5.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 10/04/2023** -"1.- Adxudicación á empresas/Entidades que a continuación se relacionan, polos conceptos de gastos para a organización do XII TRIATLON CONCELLO DE VILAGARCÍA-CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS CONTRARELOXO, ano 2023, aprobado o seu gasto pola Resolución do Sr. presidente con data 22/03/2023, por importe total de 14.309,70 €, con cargo á partida 342-226,09 e, co seguinte desglose:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
MULTISPORTS GALICIA, S.L.U.	Dirección e control da Proba e Camisetas agasallos participantes	14.249,57 .-
PORTOS DE GALICIA	Taxa Portos de Galicia (Procedemento AF500A)	60,13 .-
	Total	14.309,70 €

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da plataforma do estado FACE:"

- **2ª Resolución con data 17/04/2023** -"1.- Adxudicación á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición dos trofeos para os participantes no V CONCURSO SOCIAL DE DOMA CLÁSICA, a través dun contrato menor de subministros, por importe total de 527,20 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-226,9901."

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 10/04/2023** .-"1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de febreiro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 3.825,85 €."
- **2ª Resolución con data 10/04/2023** -"1.- Aprobación da relación e facturas con acordo previo, mes de febreiro, que a continuación se relaciona, de expedientes que



foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 26.345,32 €:

1.- Factura nº 0214800001523F da empresa CLECE, S.A., correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de xaneiro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 12/09/2022, por importe de 2.675,39 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

2.- Factura nº 0214800000823F da empresa CLECE, S.A., correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de xaneiro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 12/09/2022, por importe total de 12.346,73 €, con cargo á partida 342-227,00.

3.- Factura nº 0214800002523F da empresa CLECE, S.A., correspondente ao reforzo da limpeza do CEIP A Escardia, na que se levan a cabo as actividades de loga e Estiramientos e Relaxación, do Proxecto de Actividades Físico Recreativas de Adultos, curso 2022/23, mes de xaneiro, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 16/11/2022, por importe total de 191,45 €, con cargo á partida 342-227,00.

4.- Factura nº V23000 1626 da empresa ANDACAR 2000,S.A, correspondente ao subministro dun VEHÍCULO PARA A FUNDACIÓN DE DEPORTES, ATRAVÉS DUN RENTING CON MANTEMENTO, mes de xaneiro, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/07/2022, por importe total de 502,15 €, con cargo á partida 342-204,00.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45712013, correspondente á contratación da póliza de Seguro de Accidentes nº 51397550, polos



participantes inscritos a maiores nas Actividades Físico-recreativas de Adultos, período do 03/02/2023 ao 22/06/2023, por importe de 88,33 €, con cargo á partida 342-224,00.

6.- Factura nº 2023 1 do Club/Entidade Deportiva: CLUB VILAROUA GIMNASIA, correspondente ao desenvolvemento da Escola Deportiva de Base, modalidade de Ximnasia Rítmica, 1 grupo, mes de xaneiro, ano 2023, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 13/12/2023, por importe total de 250,00€, con cargo á partida 342-227,9901.

7.- Factura nº A 23014 da empresa TROQUIÑA, S.L., correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de xaneiro, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 15/11/2022, relativa á discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada da súa adxudicación, por importe de 3.570,00 €, con cargo á partida 342-227,9902.

8.- Factura nº F 000091103 da empresa MONDO IBÉRICA, S.A., correspondente á adquisición por reposición da rede da xaula de lanzamentos do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 30/01/2023, por importe de 2.657,60 €, con cargo á partida 342-623,00.

9.- Factura nº ADM23 73 da empresa VIVEIROS O PIÑEIRO, S.L., correspondente á adquisición de 480 m² de tepe para a súa implantación no terreo de xogo no Estadio Municipal de A Lomba, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/02/2023, por importe de 3.312,00 €, con cargo á partida 342-210,00.

10.- Factura nº A0002023 36 da empresa SEPYMEDICAL, S.L., correspondente á adquisición de 7 parches de electrodos para os desfibriladores das instalacións deportivas municipais dependentes da Fundación de Deportes, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 02/03/2023, por importe de 727,57 €, con cargo á partida 342-213,00.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 45760128, correspondente á contratación da póliza de Seguro de Accidentes nº 51397550, polos participantes inscritos a maiores nas Actividades Físico-recreativas de Adultos, período do 17/02/2023 ao 22/06/2023, por importe de 24,10 €, con cargo á partida 342-224,00.”

- **3ª Resolución con data 10/04/2023** -“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de febreiro, por importe total de 16.455,87 €, con cargo ás partidas 342-221,00 e 342-221,02

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 11/04/2023** -“1.- Aprobación das 440 solicitudes de inscrición para o 3º Curso das Actividades Físico Deportivas para Adultos, presentadas a través da Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes, no catálogo de Procedementos 30007, co seguinte desglose:

ACTIVIDADE	Nº ALUMNOS
PROGRAMA ACTIVO MAIORmente:	
- XIMNASIA FUNCIONAL	178
PROGRAMA VILAGARCIA EN FORMA:	
- XIMNASIA DE MANTEMENTO	85
- XIMNASIA ACUÁTICA	74
- PILATES	164
- IOGA	99
- AEROBIC	37
- ESTIRAMENTOS E RELAXACIÓN	87

Así como, abrir un prazo extraordinario do 12 de abril ata o 26 de maio do presente ano, ata cubrir as prazas ofertadas, dado que non se cubriron a totalidade das mesmas.

2.- Non aprobar as solicitudes de inscrición nos grupos das seguintes actividades: Ximnasia Acuática (grupo 4), Pilates (grupos 4 e 5), Funcional Training (grupo 1), Aeróbic (grupos 1 e 3) e Estiramientos e Relaxación (grupos 2 e 6), por non alcanzar un número mínimo de participantes, dacordo co Proxecto de Actividades Físico-Deportivas para Adultos, curso 2022/23, aprobado polo Consello Reitor con data 05/09/2022. Polo que se lles dá a opción de cambiar de grupo ou actividade e/ou solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado do prezo público para realizar as actividades sinaladas anteriormente, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica) ou de forma presencial nas oficinas da Fundación de Deportes, en horario de luns a venres, de 9:00-13:00 horas, facendo



constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición.

3.- Faise constar que por Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2022, adxudicóuselle á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as Actividades Físico Deportivas para Adultos, curso 2022/23, para un total de 450 participantes, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.195,72 €. (IVE incluído) con cargo á partida 342-224,00.”

- **2ª Resolución con data 14/04/2023** -“1.- Aprobación as 2 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes nas Escola Deportivas Municipais, curso 2022/23, período do 18 de febreiro ao 14 de abril do presente ano (número de rexistro 23 na Escola de Multideportiva e número 67 na Escola Deportiva de Base).

2.-Faise constar que por Resolución do Sr. presidente con data 27/10/2022, adxudicóuselle á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as Escolas Deportivas Municipais, curso 2022/23, para un total de 75 participantes, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 406.47€. (IVE incluído) con cargo á partida 342-224,00. Así como, que pola resolución de Sr. presidente con data do 20/02/2023 o número de participantes asegurados incrementouse en 8 e. dado que, actualmente o número de inscritos/as e de 2 persoas máis, deberáse aboar a parte correspondente polo 2 inscritos/as a maiores a empresa adxudicataria.”

- **3ª Resolución con data 19/04/2023** -“1.- Aprobación das 21 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes do III Curso das Actividades Físico-Deportivas para Adultos (abril, maio e xuño) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, tempada 2022/23, período do 11 ao 14 de abril do presente ano (listado de rexistros do nº 441 ao nº 461).

2.- Aprobar a creación dun novo grupo de Ximnasia Acuática os xoves de 11:45-12:30 horas, dado que o número de inscritos/as no grupo 3 da citada actividade supera o número máximo-mínimo de persoas por grupo (máximo de 25 e mínimo de 10 persoas/grupo), conforme o establecido no Proxecto de Actividades Físico-Deportivas para Adultos, curso 2022/23, aprobado polo Consello Reitor con data 05/09/2022.



3.- Faise constar que por Resolución do Sr. presidente con data 28/10/2022, adxudicóuselle á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as Actividades Físico Deportivas para Adultos, curso 2022/23, para un total de 450 participantes, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.195,72 €. (IVE incluído) con cargo á partida 342-224,00. Dado que o número de participantes nas actividades aumentou ata 461 inscricións, incrementouse para o seguro o número de inscritos/as en 11 participantes, polo que débese aboar a parte correspondente polos 11 participantes inscritos/as a maiores a empresa adxudicataria.”

Así como dase conta pola Sra. Secretaria do nomeamento de Dna. María Bermúdez Outón como Interventora Accidental do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arosa da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais pola Xunta de Goberno Local con data 17/04/2023.

O Consello Reitor queda sabedor.

3.- DAR CONTA DO INFORME DE DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO PAGO, 1º TRIMESTRE, ANO 2023.

Pola Sra. Interventora dáse conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 1º trimestre 2023 (1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2023), no que examinada a contabilidade e realizando os axustes e consideracións indicadas no informe, resulta:

a) Os promedios de pago deste trimestre, sitúanse en 83,90 días, o que deberá terse en conta para axilizar a tramitación e pago das facturas, aos efectos do RD 635/2014 de PMP. Este período de pago empeora considerablemente os datos de anterior trimestre, pasando de 34,51 días a 83,90 días.

b) Todas as facturas recibidas foron pagadas fóra do período legal de pago nun total de 88.167,19 €

c) As facturas pendentes de pago ao final do trimestre dentro do período legal de pago ascenden a 88.864,45€, fora do período legal de pago 0 €.

d) O Período Medio de Pago da Fundación de Deportes é de 54,02 días, tendo en conta que se consideran 60 días dende o rexistro da factura (30 días para aprobación e 30 días para



o pago), o que significa que a Fundación de Deportes está a pagar as facturas fora dos 30 días de aprobación das facturas. Este dato empeora con respecto ao trimestre anterior pasando de 9,90 días a 54,02 días.

O Consello Reitor queda sabedor.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE NAVEGACIÓN, DE PIRAGÜISMO, REMO, SALVAMENTO E, VELA, ANO 2023.

Polo Director Deportivo dase conta do Proxecto das Escolas Deportivas Municipais de Navegación, de Piragüismo, Remo, Salvamento e Vela, ano 2023, elaborado polo Sr. Director Deportivo, así como das suas follas de Solicitudes de Inscripción, dirixido a nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (2007-2015) e para un total de 170 prazas (30 prazas para Piragüismo, Remo e Salvamento e 80 prazas para a escola de Vela). Así como presentase o Orzamento de gastos total para o desenvolvemento do proxecto, por importe total de 13.180,00 €, desglosados da seguinte maneira:

CONCEPTOS	IMPORTE	PARTIDA
-SEGUROS DEPORTIVOS	1.000,00 .	342-224,00
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAUTICA DE PIRAGUISMO	2.300,00 .-	342-227,9901
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAUTICA DE REMO	2.300,00 .	342-227,9901
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAUTICA DE SALVAMENTO	2.300,00 .	342-227,9901
-ESCOLA DEP.MUNIC. NAUTICA DE VELA	<u>5.280,00.-</u>	342-227,9901
Total	13.180,00	

Polo Sr. director Deportivo leva a cabo unha breve explicación do devandito Proxecto.

O Consello Reitor por unanimidade acorda:

- 1.- Aprobación do Proxecto das Escolas Deportivas Municipais de Navegación, de Piragüismo, Remo, Salvamento e Vela, ano 2023, dirixido a nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (2007-2015) e para un total de 170 prazas (30 prazas para Piragüismo, Remo e Salvamento e 80 prazas para a escola de Vela).
- 2.- Aprobación do orzamento total de gastos para o desenvolvemento do proxecto, por importe total de 13.180,00 €, co desglose anteriormente sinalado.



3.- Aprobar as follas de solicitudes de inscrición das devanditas Escolas, nas que se aplique o prezo público establecido no Acordo Regulador no III.5 en vigor, para as Escolas Deportivas, por importe de 12,00 . Establecendo un período de inscrición dos alumnos, do 1 ao 26 de xuño de 2023 e presentaránse a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos Escolas Deportivas de Navegación 30011.

5- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DAS VERÁN DEPORTIVO VILGARCÍA, ANO 2023.

Incorpórase á reunión D. Isidro Fernández Portas.

Polo Director deportivo dase conta do Proxecto VERÁN DEPORTIVO VILGARCÍA, ANO 2023 que a continuación se relaciona, elaborado polo Sr.director Deportivo, así como todas as súas follas de solicitudes de inscrición:

- 1.- PROGRAMA ACTIVO MAIORmente VERÁN.
- 2.- ACTIVIDADES DE MOVEMENTO INTELIXENTE EN FAMILIA.
- 3.- ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE VERÁN.
- 4.- TORNEOS DE VERÁN:
 - 4.1.- XXI Torneo de Tenis de Verán
 - 4.2.- V Torneo de Badminton de Verán

Así como presentase o Orzamento de gastos total para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 4.100,00 co seguinte desglose:

CONCEPTOS	IMPORTE	PARTIDA
SEGURO ACCIDENTES ACTIVIDADES	2.000,00 .-	341-224
MATERIAL DEPORTIVO	1.000,00 .-	341-2219901
PUBLICIDADE E PROPAGANDA	500,00 .-	341-22602
TROFEOS TORNEOS DEPORTIVOS DE VERAN	300,00 .-	341-226,9901
GASTOS IMPREVISTOS	300,00 .-	341-226,09
	TOTAL 4.100,00	

Polo Sr. director Deportivo leva a cabo unha breve explicación do devandito Proxecto.

O Consello Reitor por unanimidade acorda:

- 1.- Aprobar o Proxecto de VERÁN DEPORTIVO VILGARCÍA, ANO 2023, así como todas as súas follas de solicitudes de inscrición e, que se aplique os prezos públicos que establece o



Acordo Regulador no III.5 en vigor, por importe de 12,00 /1 mes ou 18,00 / 2 meses, para a actividade da Escola Multideportiva de Verán e o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión con data 27/12/2022, por importe de 18,00 , para o programa Activo MAIORmente.

2.- Aprobado o orzamento total de gastos para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 4.100,00 , co desglose anteriormente sinalado.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. Secretaría indica que se os presentes están dacordo, se convocará unha reunión para o vindeiro 14/06/2023 ás 9:00 horas, coa finalidade de aprobar a última acta do Consello Reitor, coa finalidade de proceder a renovación da Corporación que surxa das eleccións locais do 28 de maio de 2023.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte unha horas e quince minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.